


Verán na Rede Museística

PROGRAMA DE OBRADOIROS E ACTIVIDADES 2016



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO



MUSEO DO MAR

**Verán 2016 na
Rede Museística**

REFRÉSCATE NOS MUSEOS!!

· PROGRAMA DE OBRADOIROS E ACTIVIDADES ·

Chegou o verán e con el a calor, a canícula, que pide alivio e refrescos. Podemos ir á praia ou ao río, buscar a sombra dunha árbore ou quedar na casa! Pero tamén podemos ver que hai, que nos ofrecen os museos da contorna!

Non moi lonxe de onde resides ou pasas o verán hai un museo. Visítalo, coñéceo, pregunta que pode facer ese museo por satisfacer a túa curiosidade. Seguro que vos entendedes, que amigades incluso, e que de aquí en adiante serás dos que aman os museos.

Nos museos integrados na Rede Museística da Deputación de Lugo propoñémosche un programa cunha morea de actividades que están agardando por ti. Propostas de todo tipo, para todas as idades, todas guiadas polo afán de aprender e gozar ao mesmo tempo. Unha mestura de coñecementos e entretementos que procuran que a cultura e a historia deste noso país, a que procuramos divulgar e transmitir desde as coleccións expostas nos catro museos da Rede, formen parte das nosas vidas tamén no verán.

E é que no verán a calor aperta, e hai que procurar refrescarse. Refrescar o corpo, pero, sobre todo, refrescar a memoria do sabido ou por saber.

Agardámoste!

OBRADOIRO: XOGANDO CO PAPEL

Con este obradoiro, preténdese acercar os máis pequenos o mundo do volume, espazo e a cor, compartindo cos demais ao tempo que xogan e coñecen o noso museo.

Idades: de 4 a 14 anos

Horario: de 11:00 a 13:30 horas

Datas: 5 e 7 de xullo

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: ARTE COTIÁ EN PAPEL

Con este obradoiro preténdese coñecer mellor o noso entorno e a natureza da cor, as texturas, o volumen e o espazo. O coñecemento do medio axuda a entender mellor o arte.

Idades: Club Sénior

Horario: de 17:00 a 19:30 horas

Datas: 5 e 7 de xullo

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: LITERATURA E CINEMA

A relación entre literatura e cinema. Que imaxe nos facemos na nosa mente dunha personaxe literaria? Como foi representada posteriormente no cinema?

Idades: de 6 a 12 anos

Horario: de 11:00 a 13:00 horas

Datas: 9 de xullo

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: Lendas para adormecer?

Un noite para contar historias. E para dormir.

Idades: de 6 a 12 anos

Horario: de noite (desde as 20:00 h. ata o día seguinte)

Datas: 11 de xullo

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: A Lanterna MÁXICA de Castelao

A obra de Castelao ofrece grandes posibilidades para mesturar o teatro e o cinema. Traballando diferentes fragmentos das súas obras literarias, textos como "Os vellos non deben namorarse", "Os dous de sempre" ou "Cousas", achegarémonos ao Castelao literario.

Idades: de 4 a 16 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 12 de xullo

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: IRMANDADES da FALA

1916-2016. Pasaron cen anos do nacemento das Irmandades da Fala. Quen foron? Que fixeron? Por que celebramos este centenario? Que relación teñen con Lugo? Cómpre recordar que no primeiro punto do apartado III do Manifesto da Asamblea Nazionalista reivindicán "Igoaldade de dereitos pr-a muller".

Idades: de 8 a 16 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 14 de xullo

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: COIDANDO E PENEIRANDO O MAR

As actividades productivas que os pobos desenvolven conlevan un diálogo entre o home e a Natureza, pero tamén unha cultura, uns saberes, unas estruturas sociais, en definitiva un patrimonio cultural que dende o Museo nos encargamos de custodiar, pero tamén de difundir, para evitar que caia no esquecemento.

Idades: de 4 a 12 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 19 e 21 de xullo

Participantes: 15

Inscricións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: CERÁMICA (MOSAICOS)

Técnicas da Cerámica e partindo dos mosaicos da época Romana, contando con eles como fonte de inspiración para o noso proxecto, camiñaremos ó longo do tempo para ensinalle @s participantes as diferentes técnicas que podemos empregar. O mundo da cerámica, diferentes técnicas de pintado,...

Idades: a partir de 6 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 23 de xullo

Participantes: 30

Inscricións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: IMOS SEGUROS AO MAR

Pasar un día navegando, bañándonos na praia, pescando nas rochas ou buscando cunchas na area é unha magnífica opción nos calurosos e longos días do verán. Pero para practicar calquera destas actividades sen riscos, temos que tomar unha serie de precaucións para evitar queimaduras, accidentes, caídas, e tamén que ser moi respetuosos co medio...

Idades: de 4 a 14 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 26 e 28 de xullo

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: CREARMOS CONXUNTAMENTE

A creación pictórica, literaria e escultórica veu sendo, tradicionalmente, individual. Mais non así a arquitectónica. Xogaremos coa creación en parellas, en equipo e aleatoria para vermos as dificultades e os beneficios.

Idades: de 6 a 12 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 6 de agosto

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: LUZ (LÁMPADAS)

Luz, sombras e cor: Teremos que viaxar a través da historia para coñecer a luz e a súa importancia, dende que o ser humano controlou o lume ata o nosos días, pasando polas candeas, candelabros, palmatorias, contaremos para elo e cos faros dos barcos do noso museo.

Idades: a partir de 6 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 9 de agosto

Participantes: 30

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO:

UN PERCORRIDO GASTRONÓMICO PARA ENCHER O BANDULLO

Para nos coñecermos como pobo non debemos obviar datos arredor de costumes tradicionais e a gastronomía sempre ocupou un papel protagonista na cultura galega. Tentaremos elaborar unha receita antiga, de séculos pasados, e unha da actualidade, comparando e valorando os cambios.

Idades: de 6 a 12 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 11 de agosto

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: LUZ (VIDREIRAS)

Luz, sombras e cor: Teremos que viaxar a través da historia para coñecer a luz e a súa importancia, dende que o ser humano controlou o lume ata o nosos días, pasando polas candeas, candelabros, palmatorias, contaremos para elo e cos faros dos barcos do noso museo. Como fonte inspiratoria, xogaremos coas luces, as cores (Vidreiras, madalas/rosetóns), as sobras, os volumes,...

Idades: a partir de 6 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 12 de agosto

Participantes: 30

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: ARTE, SOMBRA (ORIGAMI)

Faremos neste obradoiro unha mención especial ó Origami, un arte milenario de pregado de papel co que facemos, ademais de modulares iluminados, figuras coas que poidamos experimentar coas luces e as sombras.

Idades: a partir de 6 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 19 de agosto

Participantes: 30

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: MUSICARTE

Nun posíbel obradoiro, tamén poderíamos aprender a escoitar a música, sentila, interpretala e vivila. Que cadro vincularías a unha canción?

Idades: de 6 a 14 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 20 de agosto

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: CAMBIANDO O MUNDO DESDE O ARTÍSTICO

Falamos da arte como un dos mellores reflexos das diferentes culturas e sociedades e ela foi historicamente un espello da misoxinia existente. Mais tamén foi un campo que permitiu ás artistas reivindicar o seu sitio e a súa igualdade.

Idades: de 8 a 14 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Datas: 1 de setembro

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OBRADOIRO: A Lanterna MÁXICA de Castelao

A obra de Castelao ofrece grandes posibilidades para mesturar o teatro e o cinema. Traballando diferentes fragmentos das súas obras literarias, textos como "Os vellos non deben namorarse", "Os dous de sempre" ou "Cousas", achegarémonos ao Castelao literario.

Idades: Club Sénior

Horario: de 17:00 a 19:00 horas

Datas: 20 de setembro

Participantes: 15

Inscripcións: Departamento de Didáctica do MPMar

OUTRAS ACTIVIDADES

ROTEIROS DE VERÁN:

Imos á Maruxaina!

Data: 13 de agosto

Haberá un servizo de autocares gratuíto desde Lugo cuxo horario se anunciará oportunamente.

MÁIS INFORMACIÓN SOBRE ESTAS ACTIVIDADES

Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo.

Tfno.: **982 59 45 72** / museodomar@museolugo.org

Xerencia da Rede Museística

Tfno.: **699 836 883** / xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org

E para estar ao día de todo o que pasa nos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo, síguenos en facebook, twitter e na web
<http://www.redemuseisticalugo.org>



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO